

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica de la Expresión Musical

Departamento Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 12:00 horas do 24 de setembro de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Carol Gillanders

Secretaría: Martín Manuel Leránz Iglesias

Vogal 1º: María del Valle de Moya Martínez

Vogal 2º: Felipe Javier Zamorano Valenzuela

Vogal 3º: Gustau Olcina Sempere

Rep. Trab. (s/voto): José María Mesias Lema

Na A Coruña, a 24 de setembro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso (Didáctica da Expresión Musical) multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Méritos relacionados con Musicoloxía ou Grao en Historia e Ciencias da Música, multiplicaranse por 0,5.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

No apartado de formación académica consideraranse dentro das especialidades de coñecemento da praza obxecto de concurso as seguintes titulacións: Títulos de Profesor Superior de Música en calquera especialidade ou os seus equivalentes en Grao. A titulación de Mestre Especialista en Educación Musical a Licenciatura en Historia da Música ou o seu equivalente en Grao considerárase afín.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes, tendo en conta o criterio xeral de afinidade establecido:

- Manuais ou libros de texto universitarios: 4 puntos por publicación
- Manuais ou libros de texto para niveis non universitarios: 2 puntos por publicación
- Capítulos de manuais ou libros de texto universitarios: 1 punto por publicación
- Unidades docentes ou material semellante de distintos niveis educativos: 0,5 puntos por publicación.

COEFICIENTE MULTIPLICADOR POR NÚMERO DE AUTORES/AS

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

- 1: de 1 a 4 autores/as.
- 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- 0,25: máis de 6 autores/as.

Nota: Só se valorará material docente impreso ou dixital que conte con ISBN e/ou Depósito Legal. Valoraranse tamén materiais docentes e recursos educativos que estean dispoñibles a través de repositorios institucionais ou xeralistas e que estean protexidos por licenzas do tipo Creative Commons.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coordinación ou dirección dun proxecto de innovación docente: 4 puntos.
- Participación nun proxecto de innovación docente cunha duración superior a un curso: 2 puntos.
- Coordinación ou dirección dun grupo de innovación docente: 2 puntos por ano.
- Participación nun grupo de innovación docente: 1 punto por ano.
- Outras actividades de innovación docente: até 0,2 puntos.

Nota: Nesta sección só obterán puntuación aqueles cursos organizados por organismos universitarios, administracións educativas e asociacións recoñecidas na área DEM.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

0,25 puntos por mes.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

0,25 puntos por ítem.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio á docencia universitaria de calidade ou premio á innovación docente de excelencia: 2 puntos.
- Outros premios: 0,25 puntos.

Nota: Nesta sección só obterán puntuación aqueles premios outorgados por organismos universitarios, administracións educativas e asociacións recoñecidas na área DEM, sempre aplicándose o criterio de afinidade.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

- Revistas indexadas na Web of Science (Journal Citation Report) e SJR/Scopus (Q1 e Q2): 2,5 puntos por contribución.
- Revistas indexadas na Web of Science (Journal Citation Report) e SJR/Scopus (Q3 e Q4) : 1,6 puntos por contribución.
- Publicacións na ESCI (Emerging Sources Citation Index): 1,4 puntos por contribución.
- Publicacións indexadas en Índice Dialnet de Revistas (IDR), ERIHPlus ou con selo de calidade FECYT: 0,5 puntos por contribución.
- Publicacións indexadas noutras bases de datos: 0,25 puntos por contribución.

COEFICIENTE MULTIPLICADOR POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- por 1 punto: de 1 a 4 autores/as.
- por 0,5 puntos: de 5 a 6 autores/as.
- por 0,25 puntos: máis de 6 autores/as.

Nota: Seguiranse criterios semellantes aos aplicados dende a CNEAI, polo que non se valorarán: (i) entrevistas, resumos, tarefas de redacción ou semellantes, divulgación, difusión, opinión, propostas, materiais docentes, actas de congresos, independentemente de cal sexa o soporte no que estean publicadas; (ii) máis dunha publicación nun número dunha revista (só se valorará unha das contribucións); (iii) seis ou máis publicacións nun mesmo medio nun período de seis anos (agás se o medio é de moi alta calidade e/ou supón unha das escasas canles para a difusión de traballos por tratarse de áreas de coñecemento moi específicas ou ter restricións de publicación por mor do idioma; neste caso, o medio no que se publica de xeito recorrente debe ser considerado un referente para as persoas especialistas da área).

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Autoría de libro completo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 5 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 4 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 3 puntos por contribución.
- Autoría de libro completo fóra de SPI: até 3 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 1 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 0,75 puntos por contribución.

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

- Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 0,5 puntos por contribución.
- Autoría de capítulo fóra de SPI: até 0,5 puntos por contribución.
- Edición/Coord., edición crítica ou edición anotada (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 2,5 puntos por contribución.
- Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 2 puntos por contribución.
- Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 1,5 puntos por contribución.

Neste apartado tamén se valorarán as gravacións de discos publicadas en produtoras, para o cal seguiranse criterios similares aos dos libros ou capítulos de libro.

Nota sobre libros e capítulos: Será empregado como referencia o índice SPI (Clasificación Xeral). No caso das editoriais non contempladas no SPI, serán atendidos os seguintes criterios: colección universitaria, presenza de comité científico internacional, sistema de selección de orixinais público con avaliación externa previa á publicación.

CORRECCIÓN POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

Nota: Seguiranse criterios semellantes aos aplicados dende a CNEAI, polo que non se valorarán: (i) entrevistas, resumos, tarefas de redacción ou semellantes, divulgación, difusión, opinión, propostas, materiais docentes, actas de congresos, independentemente de cal sexa o soporte no que estean publicadas; (ii) máis dunha publicación nun mesmo libro (só se valorará unha das contribucións); (iii) seis ou máis publicacións nun mesmo medio nun período de seis anos (agás se o medio é de moi alta calidade e/ou supón unha das escasas canles para a difusión de traballos por tratarse de áreas de coñecemento moi específicas ou ter restricións de publicación por mor do idioma; neste caso, o medio no que se publica de xeito recorrente debe ser considerado un referente para as persoas especialistas da área).

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Relatorios ou conferencias por convite en congresos internacionais: 0,5 puntos por contribución.
- Relatorios ou conferencias por convite en congresos nacionais: 0,4 puntos por contribución.

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

- Comunicacións en congresos internacionais: 0,3 puntos por contribución.
- Comunicacións en congresos nacionais: 0,2 puntos por contribución.
- Pósters en congresos internacionais: 0,1 puntos por contribución.
- Pósters en congresos nacionais: 0,05 puntos por contribución.
- Outros: até 0,1 puntos por contribución.

CORRECCIÓN POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Transferencia:

- Patentes, rexistros da propiedade intelectual: até 1 punto por contribución.
- Comisariado ou organización de exposicións: até 2 puntos por contribución.
- Outras actividades de transferencia: até 0,5 puntos por contribución.

Nota. A puntuación será outorgada en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso. No caso dos rexistros da propiedade intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións). No caso do comisariado ou organización de exposicións e a elaboración de informes técnicos, a valoración deberá asignarse tendo en conta a súa relevancia e a función desempeñada pola persoa aspirante.

Divulgación:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados: até 1 punto.
- Impartición de conferencias, cursos e seminarios de divulgación científica: até 1 punto.
- Organización de xornadas de divulgación científica: até 1 punto.
- Concertos (0,75 puntos por concerto). A puntuación resultante multiplicarase por 1 cando o candidato actúe como intérprete de música de cámara ou solista dentro dun grupo musical heteroxéneo, e multiplicarase 0,5 cando actúe dentro do conxunto dunha mesma corda ou sección orquestral, sempre que o encargo proveña dun organismo público ou con recoñecemento no ámbito artístico. No caso de que o encargo proveña doutras entidades, a puntuación resultante

Praza número: 25/12003

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor

Dedicación: Tiempo Completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Musical

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

multiplicarase por 0,1. Xustificarase coas certificacións emitidas polos organismos correspondentes.

- Composicións orixinais (0,75 puntos por composición editada ou rexistrada na SGAE, ou en Propiedade Intelectual. Xustificarase có certificado correspondente). En caso de arranxo multiplicarase por 0,5.
- Premios ou mencións en certames musicais. (0,75 puntos por premio e multiplicarase por 0,5 en caso de mencións).
- Outras actividades de carácter divulgativo: até 0,5 puntos.

Nota. A puntuación outorgarase en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso.

Na Coruña, a 24 de setembro do 2025

A presidencia da comisión